

CRITERIOS SELECCIÓN ALUMNADO BOLSEIRO ERASMUS + PRÁCTICUM DEPO 2021

ANEXO I

1. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

É condición imprescindible para poder realizar a mobilidade que o alumnado sexa maior de idade e teña aprobados todos os módulos do ciclo medio, incluído o módulo FCT, antes do inicio do período de mobilidade.

Establécense os seguintes criterios no baremo. A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Adecuación da titulación e do perfil da persoa candidata (3 puntos)
2. Expediente académico (2 puntos)
3. Coñecemento de idiomas (2 puntos)
4. Méritos (1 punto)
5. Entrevista persoal (2 puntos)

O proceso selectivo supervisarao o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra (ou a persoa na que delegue).

No caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- Maior puntuación no expediente
- Maior puntuación no coñecemento de idiomas

No caso de continuar co empate, o desempate determinarase por decisión do centro educativo.

1. ADECUACIÓN DA TITULACIÓN E DO PERFIL DA PERSOA CANDIDATA (3 puntos)

- Valoraranse, ata un máximo de 2 puntos, a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa, a responsabilidade, a flexibilidade e as habilidades comunicativas.

- Valoraranse a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado, ata un máximo de 1 punto:

| | |
|--|------------|
| Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas | 0,5 puntos |
| Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas | 0 puntos |
| Ausencia de faltas de conduta | 0,5 puntos |
| Existencia dalgunha falta de conduta | 0 puntos |

2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (2 puntos)

Valorase ata un máximo de 2 puntos, calculando a media aritmética das cualificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio dos cursos finalizados:

| Puntuación numérica | Puntuación non numérica | Baremo |
|---------------------|-------------------------|------------|
| Do 6 ao 6,99 | Aprobado | 0,5 puntos |
| Do 7 ao 8,99 | Notable | 1 punto |
| Do 9 ao 10 | Sobresaínte | 1,5 puntos |
| | Matrícula de honra | 2 puntos |

Non se terán en conta as cualificacións validadas.

3. COÑECEMENTO DE IDIOMAS (2 puntos)*

3.1 Titulacións de inglés

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

| | |
|----------|------------|
| A1 | 0 puntos |
| A2 | 0,5 puntos |
| B1 | 1 punto |
| B2 | 1,5 puntos |
| C1 ou C2 | 2 puntos |

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (oral) por parte do persoal de linguas do centro educativo, puntuable ata un máximo de 1 punto.

3.2 Baremo dun segundo idioma

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, ata un máximo de 2 puntos.

A2 1 punto
B1, B2, C1, C2 2 puntos

*A puntuación máxima que se pode obter nos apartados 3.1 e 3.2 é de 2 puntos.

4. MÉRITOS (1 punto)

Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grao medio diferente ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

5. ENTREVISTA PERSOAL (2 puntos)

Valoraranse na entrevista as habilidades comunicativas e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos aos habituais. Valoraranse a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado, o interese, a madurez, a iniciativa etc.

Con independencia do anterior, todos os criterios poderán ser valorados con puntuación cero no caso de que o comité de selección constituído en cada centro educativo o considere oportuno. Neste sentido, incluso no caso de que unha alumna ou alumno cumpra os requisitos formais para o acceso a unha das prazas para realizar unha mobilidade Erasmus+, as e os membros do comité de selección de cada centro de FP poderán denegarlle directamente o dereito sen máis trámite no caso de que estimen que non cumpre os criterios mínimos para a súa realización en canto a conduta, comportamento, contorno, motivación, factores educativos, traxectoria, actitude etc.